

A MIRADA DOS ESPAZOS

Camiño dunha antropoloxía visual



XUNTA DE GALICIA

Foto portada: Foto Llanos. [1931-1936]. Ámbito privado. Fábrica.

Jesús Vázquez Abad

Conseleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

José Manuel Rey Pichel

Director Xeral do Patrimonio Cultural

MUSEO ETNOLÓXICO - EXPOSICIÓN

César Llana

Coordinación

Roberto Aneiros

Fondos Mobles

María José Ruiz Vázquez

Restauración Fondos mobles e fotográficos

Rosa Lamas Casado

Fondo bibliográfico

César Llana

Xosé C. Sierra Rodríguez

Documentación, textos e folleto

© **dos textos:** os autores.

© **das imaxes:** Museo Etnolóxico. Ribadavia. Xunta de Galicia.

Depósito Legal: OU 111-2012

COLABORAN



Asociación de Amigos
do Museo Etnolóxico e do
Conxunto Histórico de Ribadavia



Jose Pacheco
ORENSE
CALLE DE ALBA 9.

1926
FOTOGRAFIA
ARTISTICA
DE
Jose Pacheco
CALLE DE ALBA
9.
ORENSE
El mismo día...
1912
SE CONSERVAN LOS CLICHÉS.

ESTUDIO
FOTOGRAFICO
LLANOS
COLON 34 P TEL# 2377
VIGO



ESTUDIO
FOTOGRAFICO
LLANOS
COLON 34-10
VIGO

FOTOGRAFIA
ARTISTICA
DE
FRANCISCO LLANOS
VIGO.
ELDUAYEN, Nº 28.
GRAN TALLER DE
AMPLIACIONES.
CASA ESPECIAL EN REPRODUCCIONES Y PLATINOTIPAS.
Se conservan los clichés.

ESTUDIO FOTOGRAFICO **LLANOS**
Colón, 34, 1.º - Telét. 212577 - VIGO

BEBE
VIGO

Serafin Rodriguez
FOTÓGRAFO



PROGRESO, 20
Rivadavia

Foto *Chao*
Ribadavia

FOTO OLIVARES
Plaza García Boente, 1
Teléfono 156
RIBADAVIA (Orense)

L. Chao
RIBADAVIA

A MIRADA DOS ESPAZOS

Camiño dunha antropoloxía visual

Museo Etnolóxico. Ribadavia. Ourense.

In memoriam Benito Losada

A exposición A Mirada dos Espazos constitúe un paso relevante que o Museo Etnolóxico dá na súa andaina polos terreos da imaxe e a fotografía. Logo das primeiras series expositivas (Imaxes de Galicia e Álbums para o Reencontro. Ribadavia e os Ribadavienses) e das publicacións editadas sobre o mundo da imaxe, pretendemos agora proxectar unha ollada etnolóxica máis sistemática sobre os espazos visibles da sociedade que a imaxe fotográfica mostra e, ás veces, oculta. Figura como subtítulo da exposición a expresión *Camiño dunha antropoloxía visual*, porque a través dos distintos autores e dos seus obradoiros realizamos un relato etnográfico no que asoman ámbitos e espazos da vida social, descritos e interpretados aquí como textos que suxiren, insinúan e falan.

É intención do Museo lembrar con esta Mostra a figura de Benito Losada, que motivou a participación dende hai anos do Museo no Outono Fotográfico e fixo posible unha relación frutífera entre a nosa institución e a Casa da Xuventude. Benito Losada foi quen de promover nesta provincia o interese pola fotografía como fenómeno social e cultural, interese que se estendeu ao resto do país complementando outras iniciativas desenvolvidas tempo atrás noutras cidades e vilas galegas. Para o Museo Etnolóxico Benito Losada foi un amigo e un colaborador particularmente sensible ao feito etnográfico e á dimensión etnoantropolóxica que nós lle outorgamos á fotografía.



Benito Losada. Foto Alba Vázquez

Fondos fotográficos na colección do Museo Etnolóxico

O arquivo fotográfico do MER está conformado por varios tipos de fondos. Por un lado as doazóns de cidadáns, dentro do programa Álbums para o Reencontro. Ribadavia e os Ribadavienses que tanto a título individual como a través da AMECHIR veñen permitindo conformar un rico conxunto de imaxes en torno ao álbum familiar. E por outro lado aqueles arquivos procedentes de estudos fotográficos, adquiridos pola Xunta de Galicia, agás xenerosas excepcións, e depositados no Museo, nos cales se atopan series referentes a aspectos sociais, políticos, tecnolóxicos, urbanísticos, etc... tanto en ámbitos urbanos, como rurais, constituíndo ademais unha fonte para o coñecemento de aspectos concretos da práctica profesional a través do tempo que abarcan cada un deles. Un terceiro tipo, ata hoxe excepcional no MER, é o constituído por imaxes fotográficas procedentes de depósitos ou doazóns da totalidade do arquivo/álbum dun particular ou dunha institución; documentos que permiten seguir a historia non só ou non tanto do titular de orixe como coñecer ao seu través a do ámbito social en que aquel esta inserido. Finalmente, o propio MER documenta con regularidade eventos de interese para os seus fins que integra nun fondo de produción propia.

Nesta ocasión trátase de presentar os fotógrafos que teñen obra na colección do Museo Etnolóxico. Pretendemos con iso dende logo facilitar o seu gozo e divulgar as súas fotografías, pero tamén dar a coñecer parte do traballo que o Museo, isto é, tanto o seu persoal como os investigadores que acoden a estudar estes bens, está a facer con estes fondos. Un traballo centrado esencialmente na análise da fotografía esencialmente como documento capaz de achegar información acerca da sociedade na que se produciu; polo tanto trátase de procurar unha mirada etnográfica e histórica e non tanto artística, que nos permita empregar a imaxe como un espello dos comportamentos socioculturais e das prácticas que os individuos e os grupos desenvolven nos diferentes ámbitos e espazos da súa existencia. Esta exposición pretende, xa que logo, mostrar a fecundidade da fotografía como etno-texto e como documento histórico, susceptible de observación e análise por parte dos diversos científicos e analistas sociais. Buscamos pois mostrar aos visitantes do Museo Etnolóxico os fenómenos e os valores que a imaxe fotográfica ilustra dende o enfoque da museoloxía etnográfica.



*Fondo Hipólito González Fernández. [ca 1970].
Ámbito privado. Sociabilidad e xénero.*

FOTO CHAO

Colección formada pola produción da saga de fotógrafos ribadavienses iniciada por Serafín Rodríguez Rodríguez *circa* 1870 e continuada, tralo seu pasamento en 1907, sucesivamente polo seu cuñado Luis Chao, por Amando Pérez e, finalmente, por Toñito Pérez Chao e Milucho Pérez Chao, con quen se pecha o Estudio tras a súa xubilación no ano 2005. Máis dun século de actividade ininterrompida na cal foron rexistrando coas súas cámaras aos habitantes da Vila e do Ribeiro, dende os momentos de celebración ata as fotografías esixidas polos trámites administrativos, dende as feitas no estudio ata as realizadas ao ar libre, por exemplo en Avión ou na Cañiza; produción completada coa actividade desenvolvida como fotógrafos de prensa e mesmo forense. Un arquivo de especial interese para un Museo Etnolóxico que ten entre os seus fins o estudo e a posta en valor da vida cotiá nesta comarca, pois contén unha boa parte da documentación visual existente sobre as persoas que ao longo do século XX construíron esta terra e foron os protagonistas da súa historia.



Foto Chao. 1934. Ámbito público. Asociacionismo e activismo agrario.

FOTO LLANOS

O coñecido como «Arquivo Llanos» está conformado por imaxes captadas por tres xeracións de fotógrafos da mesma familia. A saga comeza cun pintor e escenógrafo valenciano, Francisco Llanos Más, que, como tantos compañeiros de profesión, decide dar o paso á fotografía e acaba instalando, *circa* 1880, na Porta do Sol da cidade de Vigo; o seu fillo, Francisco Miguel Llanos Trápaga, colaborará co pai, abre o seu propio estudio, na rúa Policarpo



Foto Llanos. 1925. Ámbito público. Relixiosidade.

Sanz, colaborará co diario Faro de Vigo e será correspondente de prensa madrileña, á par que funda a revista *Alegría* (Vigo), adicada ao periodismo literario-humorístico; o tercer fotógrafo da saga, Ángel Francisco Juan Llanos González, será o continuador do estudio e onde se iniciará na fotografía; mobilizado na Guerra Civil (1936-1939), tras recibir a cuarta ferida en combate incorpórase como fotógrafo ao Cuartel Xeral do xeneral Antonio Aranda Mata, durante a contenda tivo a oportunidade, nun estacionamento da súa unidade en Zaragoza, de traballar durante algún tempo con Jalón Ángel; xa reincorporado á vida civil en Vigo, colaborará asiduamente nos xornais Faro de Vigo e La Voz de Galicia, moi especialmente na fotografía deportiva. No seu conxunto este fondo, e pese a ter sufrido un incendio en 1910 e pasado por varios traslados, abarca a totalidade do século XX e recolle unha temática de amplo espectro, sobre todo na parte correspondente á etapa de Ángel Llanos, home inquedo e de aguda sensibilidade que estivo sempre presto a fixar coa súa cámara, amais dos eventos relevantes, a vida cotiá desenvolvida ao seu redor, na paz ou na guerra, no traballo ou no lecer, na terra ou no mar, dende un barco ou mesmo dende un avión.

FONDO AUGUSTO PACHECO

Está integrado pola colección familiar do fillo do fundador desta familia de fotógrafos con presenza en Ourense, Vigo e A Coruña. Contén imaxes da auto-ría de José de Sousa Guedes Pacheco e do seu estudio e, sobre todo, o arquivo do seu continuador á fronte do mesmo: Augusto Guedes Pacheco. Ademais da produción de estudio, contén imaxes de diferentes cronoloxías con vistas da cidade de Ourense e os seus arredores, así como documenta bens do patrimonio arquitectónico da provincia, incluíndo pezas e a vella montaxe do Museo Catedralicio de Ourense.

FOTO BENE



*Foto Bene. [S.d.].
Ámbito público. Xénero e traballo.*




*Fondo Augusto Pacheco. [191-?].
Ámbito público. Obras públicas.*

Benedicto Conde González, mordomo, taxista, pintor, periodista, escritor... e fotógrafo. Formado na Escola de Artes e Oficios de Vigo e na Escola de Xornalismo do diario madrileño El Debate, exerceu o xornalismo en El Pueblo Gallego, El Faro de Vigo, na Hoja del Lunes de Vigo e como correspondente da Axencia Logos, tendo obtido varios premios; como fotógrafo cabe destacar, ademais da súa participación na fundación da Agrupación Fotográfica Gallega e ter participado en salóns, nos que foi premiado en varias ocasións, a súa labor como fotógrafo de rúa cunha fonda sensibilidade relixiosa. No seu fondo atopamos dende imaxes de Colmeiro, Blanco Amor ou Castroviejo, ata anónimos pescadores, redeiras, varredores, oficinistas... pasando por paisaxes de vilas, pobos e cidades e mesmo actos relixiosos e políticos ou escenas dun cámping ou fotografías do patrimonio cultural; de Galicia sobre todo, pero tamén imaxes feitas nas súas viaxes por España, Portugal, Francia ou Arxentina.

FONDO MARQUÉS DE SANTA MARÍA DEL VILLAR

Diego Quiroga y Losada, marqués de Santa María del Villar, recorrió toda España coa súa cámara retratando vistas, tipos e costumes. Entre a súa inmensa produción están unhas decenas sobre elementos arquitectónicos e outros elementos do patrimonio cultural de Ribadavia e o Ribeiro, feitas nos primeiros anos da década dos sesenta do século pasado e integradas nas coleccións do MER. O seu arquivo, que sufriu importantes perdas durante a Guerra Civil (1936-1939), foi adquirido polo Archivo Real y General de Navarra e consérvase na Fundación Príncipe de Viana.



*Marqués de Santa María del Villar. [196-?].
Ámbito público. Xénero e traballo.*

FOTO SALVADOR



Foto Salvador. [S.d.]. Ámbito privado. Bautizo.

Acerca do autor desta colección apenas podemos facer suxestións; probablemente se trata de Salvador López, natural de Curuxas, Santa Mariña de Asadur, Maceda, Ourense; que ao seu retorno de Cuba teríase dedicado á fotografía ambulante, sendo habitual a súa presenza nas feiras da comarca entre os anos 1950 e a década de 1970. Na súa obra predominan as fotografías de familia sobre outro tipo: bautizos, primeiras comuñóns, vodas, etc. chamando a atención a proporción de imaxes de muller con nenos, que fan pensar en fotografías destinadas a enviar a parentes emigrados; o fondo inclúe tamén algunhas imaxes do mundo do traballo.

FOTO SANCHO




Foto Sancho. 1969. Ámbito privado. Fábrica.

Ourense fará unha serie da provincia que acabará conformando unha exposición itinerante; outra colección sobre Ourense seríalle encargada polo Ministerio de Información e Turismo. Á vez que fai traballos de publicidade con Publicidade Planos e colabora co xornal La Región. A finais dos anos setenta trasládase á avenida da Habana, xunto co publicista Luis Carballo; xuntos farán catálogos de moda nunha cidade que está a coñecer unha etapa de creatividade. O seu fondo no MER documenta acontecementos sociais, políticos, relixiosos, festas, etc. de Galicia, sobre todo de Ourense, e do norte de Portugal, e nel atopamos igualmente imaxes doutros lugares de España e de Europa.

FONDO VÍCTOR MANUEL LÓPEZ QUIJADA

Fotógrafo afeccionado ribadaviense, participante activo na vida das agrupacións fotográficas e participante nos seus salóns. No seu fondo atopamos xentes ribeirás en rostros de nenos e anciáns ou en imaxes de feiras e mercados; e retratos doutras xentes e terras en fotografías de portos ou trillas, por exemplo.



Fondo Víctor M. López Quijada. 1968. Ámbito privado. Oficinas.

FONDO JOSÉ LILLO BEVIÁ

Xeólogo, profesor de Didáctica das Ciencias Experimentais da Universidade de Vigo; de temperá afección á fotografía, ten participado con éxito en concursos fotográficos, a súa obra nos fondos do Museo Etnolóxico está conformada por unha serie de vistas das rúas e prazas de Ribadavia, feitas a mediados dos anos setenta do século XX.



José Lillo Beviá. 1974. Ámbito público. Infancia.

FOTO OLIVARES




Foto Olivares. [S.d.]. Ámbito privado. Oficinas.

Membro dunha das ramas da familia ribadaviense de fotógrafos, Luis Olivares Chao «Foto Olivares» inicia a súa actividade profesional nos anos sesenta do século pasado en Ribadavia, onde permanece ata o ano 1975 en que se incorpora como responsable da sección de fotografía ao centro de «El Corte Inglés» en Vigo, cidade onde formará durante algún tempo -xunto a Juan Antonio Gómez Vázquez- a sociedade Foto-Asociación. No seu fondo encontramos dende reportaxes da vida social ribadaviense, ata interesantes imaxes de carácter etnográfico e mesmo arqueolóxico industrial.

FONDO HIPÓLITO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Integrado no Fondo Margarita Mosquera e formado polo arquivo persoal do autor e conservado pola súa viúva, contén a actividade fotográfica deste fotógrafo ribadense que transcorreu entre a influencia da fotografía de salón nunha primeira etapa como afeccionado, ata a súa produción como profesional, e membro fundador do «Grupo 77», adicada á actividade publicitaria e editorial. Así, no seu repertorio é posible atopar dende imaxes das rúas e das xentes do Ribeiro, ata unha interesante serie publicitaria realizada para adegas da comarca.



*Fondo Hipólito González Fernández. [ca 1970].
Ámbito privado. Oficios.*

FONDO JUAN ANTONIO GÓMEZ VÁZQUEZ



Fondo Juan Antonio Gómez Vázquez. 1970. Ámbito público. Entroido.

Luis Olivares Chao- e ARGOFOT. A súa obra ilustra guías, atlas, enciclopedias, libros de arte, etc. abarcando unha longa relación de empresas, editores e institucións, algúns tan esixentes como FMR. Entre as fotografías conservadas no MER destacan polo seu interese etnográfico as series de xentes na feira, no entroido, na vendima, nas rúas, etc. así como imaxes da arquitectura rural e vilega.

FONDO XENARO MARTÍNEZ DE CASTRO

Fotógrafo asentado en Santiago de Compostela e socio fundador do Museo do Pobo Galego; na súa traxectoria profesional, truncada en plena madureza, participou en proxectos da Xunta de Galicia para Museos e en campañas publicitarias e exposicións como Galicia no Tempo, amais de ter traballado para Caixa Galicia, a Gran Enciclopedia Gallega, O Museo de Pontevedra, etc. así como ten ilustrado coas súas fotografías numerosas publicacións. O seu fondo no MER está formado por unha importante serie de imaxes de diversos bens culturais do Ribeiro, e por fotografías de carácter documental.



*Fondo Xenaro Martínez de Castro. [ca. 2000].
Ámbito privado. Paisaxe.*



Fondo Mila Rodero. 2006. Ámbito privado. Oficios.

dende o ano 1990 (San Diego, Madrid, Toledo e Ribadavia, etc.), compaxinando esta actividade coa docencia e a publicación de libros e catálogos; ten obra en coleccións da Comunidade de Madrid, da Caja Castilla-La Mancha, Fonds Dólot. Fotografía, etc. A colección no MER é o resultado dun encargo do Museo que pretende retratar a xentes de oficio ourensás, co obxectivo de reflexionar sobre a evolución dos oficios cara a súa adaptación ao mercado capitalista.

FONDO MILA RODERO

Milagros Rodero Carrasco, madrileña de Teruel, tras estudar Historia da Arte na Universidad Complutense de Madrid e Cinematografía na Universidad de Valladolid, un obradoiro impartido por Marc Riboud no Círculo de Bellas Artes de Madrid, fará que se adique profesionalmente á fotografía «*sen ningunha pretensión artística*», completando a súa formación con cursos de fotografía na University of California San Diego (USA). A súa participación en mostras colectivas e individuais de fotografía é continua

SEADUR

Fernando García Fernández é un fotógrafo documentalista de longa traxectoria; o seu fondo depositado no MER está formado por imaxes que abarcan un cumprido abano de temas de interese antropolóxico recollidas por case toda Galicia, dende festas, romarías, celebracións do ciclo anual, festas gastronómicas e neotradicións ata manifestacións deportivas e políticas.



Seadur. 2002. Ámbito público. Festa.

NACHO ROMERO



Nacho Romero. 2009. Ámbito público. Infraestructura ferroviaria.

Ignacio Romero Sánchez, historiador da Arte e profesor de Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son na Escola de Imaxe e Son da Coruña, inicia a súa carreira fotográfica na súa época de estudante universitario; ten traballado para axencias e xornais; é fundador, con Ángel Cordero e Rodrigo González Romano, da empresa Ran Foto, dedicada á fotografía industrial e publicitaria; galardoado con varios premios, vén participando en exposicións individuais e colectivas dende 1983. Ten doado ao MER unha das fotografías incluídas na exposición Vías de Extinción, mostra do Outono Fotográfico no MER o ano 2010.

SANTI M. AMIL

Santiago Míguez Amil, fotógrafo documental e de prensa, de formación autodidacta e antigo colaborador do Museo Etnolóxico, que vén desenvolvendo a súa actividade dende o ano 1986, foi socio fundador de Nega-2, xunto con Moncho Fuentes, Nacho Gómez e Xan Xiadas; tras ter colaborado con outros medios, na actualidade a súa actividade profesional está vinculada ao xornal La Voz de Galicia; entre outros recoñecementos, unha das súas fotografías foi Foto do Ano de Galicia en Foco 2005. A súa obra no MER está formada por series realizadas por encargo da propia institución e de interese etnolóxico e documental fundamentalmente, así como por un pequeno fondo constituído por un conxunto de copias orixinais.



Santi M. Amil. 1996. Ámbito público. Sinalización varia.

A AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA DE RIBADAVIA

A orixe da Agrupación Fotográfica de Ribadavia⁽¹⁾ (AFR), constituída en 1967, está nas inquedanzas duns amigos, Juan Antonio Gómez Vázquez e Hipólito Fernández González, aos que pasado un tempo úneselles Víctor Manuel López Quijada. Serán eles tres, xuntamente con Luís Olivares Chao, Enrique Rodríguez Martínez e Antonio Pérez Chao, os socios fundadores da AFR e os integrantes da súa primeira Xunta Directiva. Sete anos despois contaba con sesenta e sete socios, entre os que cabe sinalar a presenza de dona Zoila Pérez Dávila, quen contribúe así a incrementar a nómina de mulleres participando na vida das agrupacións fotográficas galegas nesas datas.

FUNDADORES E PRIMEIRA XUNTA DIRECTIVA DA AFR	
Víctor Manuel López Quijada	Presidente
Hipólito Fernández González	Tesoureiro
Luis Olivares Chao	Vogal de relacións públicas
Enrique Rodríguez Martínez	Vogal de publicacións
Antonio Pérez Chao	Vogal de proxección e prácticas fotográficas
Juan Antonio Gómez Vázquez	Secretario

A AFR tiña a súa sede no número 8 da rúa Mera Soto. Será aquí onde celebren as reunións, realicen prácticas de laboratorio, proxeccións, etc., así como onde dispoñan dunha biblioteca. Cabe destacar entre as actividades desenvolvidas por esta agrupación as saídas en grupo para facer fotografías e, sobre todo, a realización de exposicións, unhas producidas por eles e outras por cesión de terceiros. Entre as primeiras realizan no Club Artístico de Ribadavia, no mesmo ano da súa constitución, a I Exposición de Fotografía Artística e durante os anos 1969 a 1971 organizan no Grupo Escolar da Vila o Salón da Fotografía Gallega.

(1) As fontes empregadas para a AFR son: CONDE MURAI, Perfecto (1974): voz «Agrupación Fotográfica de Ribadavia»; in.: Silverio Cañada (Ed.): Gran Enciclopedia Gallega. Santiago de Compostela. Tomo I, p.: 158; e a documentación procedente dos fondos José Luis García Casasnovas, Juan Antonio Gómez Vázquez e Margarita Mosquera do Arquivo do Museo Etnolóxico. Ribadavia.



Fundadores e primeira Xunta Directiva da Agrupación Fotográfica de Ribadavia.

Se o primeiro dos eventos citados foi levado a Ourense e a Guadalajara, a vocación da AFR de dar a coñecer a fotografía feita na comarca acadou un éxito rotundo coa exposición Xentes e Paisaxes do Ribeiro, inaugurada en 1968 no Grupo Escolar, e que como Salón Circulante recorreu durante os dous anos seguintes as cidades de Madrid, Guadalajara, Ciudad Real, Soria, Rubí, Castellón de la Plana e Barcelona. Actividades que complementou traendo a Ribadavia mostras de fotógrafos españoles, proxectando películas producidas en Galicia e, dende o ano 1971, creando e concedendo o Trofeo Galicia.

A súa preocupación por estar ao tanto do que se estaba a facer noutras partes materializouse no establecemento de relacións con outras asociacións galegas e con agrupacións de Barcelona (Agrupación Fotográfica de Cataluña, Agrupación Fotográfica San Juan Bautista e Agrupación Fotográfica Sitges Foto.Film), de Valencia (Foto Club Valencia), de Madrid (Real Agrupación Fotográfica), de Guadalajara (Agrupación Fotográfica de Educación y Descanso), etc. Tiveron tamén preocupación pola adquisición de publicacións como Imagen y Sonido, ECOS negra, Cuadernos de Fotografía, AF Arte Fotográfico, Bolex Reporter, Fotografía Internacional Kodak, Foto Negativo, FOCUS, ou Butlleti Club Cine Foto. Martorell.

O inicio de novos camiños profesionais, e mesmo a marcha de Ribadavia de algúns dos seus membros máis dinámicos, levaron á AFR a súa desaparición, deixando tras si unha honrosa folia de servizos á fotografía e aos fotógrafos do Ribeiro.



*Foto Hipólito González Fernández. [ca 1970].
Ámbito privado. Xénero e idade.*



*Foto Juan Antonio Gómez Vázquez. 1970.
Ámbito Público. Entroido.*



Foto Víctor M. López Quijada. [S.d.]
Ámbito público. Xénero e traballo.

Foto Olivares. [S.d.]
Ámbito privado. Xénero e traballo.



Camiño dunha antropoloxía visual

Non sempre é doado distinguir o que entendemos por espazo público e por espazo privado. Atribuímos normalmente a condición de espazo público ao lugar que mostra o compartido, o que se visualiza doadamente e non posúe valados nin fronteiras. Tamén adoitamos considerar espazo público o que os individuos divulgan e ensinan sen opoñerlle fiestras nin agochalo. Igualmente asumimos como público o que desfrutamos e ocupamos comunitariamente permitindo a relación social e a convivencia entre grupos e sectores sociais: *v. gr.*, unha praza, unha estrada ou un camiño, unha escola, un mercado, unha igrexa, un campo para a festa, un estadio deportivo, etc. Dun xeito máis formal entendemos que o público é o que identifica ás institucións das Administracións, polo tanto cun dono colectivo –o Estado– que representa á sociedade no seu conxunto. Nun tempo no que os medios de comunicación divulgan acontecementos e vidas sucede a apropiación pública de espazos e ámbitos do privado, fenómeno que se foi xeneralizando coa prensa escrita e implantándose totalitariamente cos medios de comunicación audiovisuais.



Foto Llanos. [S.d.]. Ámbito privado. Primeira Comuñón.



Foto Chao. [S.d.]. Ámbito privado. Voda.

O espazo privado adoita ser aquel concernido por lindes, por separacións e pola oposición de barreiras ao observador alleo. O privado é privativo pois forma parte dun universo limitado, sometido a cautelas e sempre acoutado. O privado é tamén o que se comparte con condicións, sendo posuído e gozado por uns e non por outros. O privado agóchase, ten vereas máis ou menos ocultas e goza da discrecionalidade pactada por todos no seo de cada sociedade. O privado muda, pode ser parcial ou totalmente publicitado, atendendo aos códigos morais establecidos por cada comunidade culturalmente diferenciada.



Foto Chao. [S.d.]. Ámbito privado. Enterro.



[S.a.] : [1931]. Ámbito privado. Actividade política.



Foto Chao. [S.d.]. Ámbito privado. Segmentación social.

A fotografía axudou enormemente ao desenvolvemento destes procesos, difundindo imaxes de toda caste de individuos e de todo tipo de ámbitos, rachando en boa medida coas lindes entre o público e o privado. Ao tempo a fotografía exerceu unha función de taboleiro para achegármonos a estes fenómenos e para captar o perfil e a dimensión destes procesos.



Foto Bene. [S.d.]. Ámbito privado. Actividade política.



Galiza. Estudio Fotográfico.
[1976].
Ámbito público.
Acto público.



Foto Chao. [S.d.]. Ámbito privado. Comercio.

A socialización da produción de imaxes e a súa reproducibilidade, feito maxistralmente analizado por Walter Benjamin, constitúe unha cuestión subsidiaria dos cambios acontecidos na modernidade no relativo á creación de cidadáns consumidores de imaxes, fronte as limitacións ao seu acceso que, por motivos sociais e técnicos, impuñan a pintura e o gravado. A fotografía é espello de si mesma, porque como medio logra unha gradual e continua asunción dos seus produtos e máquinas polos cidadáns, que chegan a apropiarse do seu manexo técnico. Igualmente a fotografía retrata a sociedade que focaliza, constituíndose en intermediaria da interpretación que facemos da vida contemporánea.



Foto Chao. [195-?].
Ámbito público.
Escolaridade.



Foto Chao. [1935].
Ámbito público.
Entroido.



Foto Chao. [1932].
Ámbito privado.
Celebración.



*Fondo Augusto Pacheco. [S.d.].
Ámbito público. Mercado.*



*Foto Bene. [195-?].
Ámbito público. Estereotipos tradicionais.*

O interese etnográfico da fotografía reside fundamentalmente na súa capacidade para describir e interpelar persoas e comunidades que se retratan diante da cámara e que retratan elas mesmas a súa contorna, os lugares e as xentes que forman parte da súa experiencia vital. A fotografía intervén na memoria de homes e mulleres, recrea a nostalgia das familias e exerce o papel de fedataria da experiencia de vida de grupos, corporacións e individuos.



*Foto Bene. [195-?].
Ámbito público. Xénero e traballo.*

A fotografía, xa que logo, opera como un descritor máis da observación etnográfica ofrecendo un relato para o antropólogo que se mergulla na iconografía social dun tempo e un lugar.

Foto contraportada: Fondo Juan Antonio Gómez Vázquez. [ca. 1960]. Ámbito privado. Adegá.

